➤ Intervén dona Marta Freire. Despois de dar as boas tardes, sinala que cada trimestre o informe de Intervención advirte do mesmo. Non cumpren, mentiron ao Pleno e deberán aclarar se lles falta capacidade ou se enganaron o Pleno e o Ministerio. Mentiron. Van dicindo que ían traer o borrador dos orzamentos, que levan catro anos sen facelos. Non aplicaron nin unha soa medida de contención do gasto. Só reduciron 8.000.000€ en gastos correntes con eliminación de teléfonos móbiles e alugueiros, pero incrementaron en máis de 700.000€ os gastos. Non hai expedientes de licitación para o subministro. As licenzas de actividade substituíronse por declaracións responsables, ¿a que se debe o incumprimento? É curioso que non lea o informe da interventora (le ela o informe da interventora). Fala de contención de gasto a interventora. Pregunta qué redución se fixo. Leve de novo o plan e modifiquen o plan.

➤ Dona Rosa Solla indica que non ignoran o informe da interventora. Había débeda acumulada de oito anos. Había unha débeda de 8.000.000€, vostedes deixaron unha bomba de reloxaría, íannos cortar a luz e outros servizos, e pouco a pouco fixemos fronte a todos os pagos. Fixéronse moitos esforzos para pagar a todos e pagáronse as sentenzas que son anteriores a 2009 e que nos afectan e os xuíces dinnos que as temos que pagar.

Só temos 200.000€ de remanente negativo que antes era de 5.000.000€ ¡Non imos ir enriba dos veciños e subirlles os impostos! Non estamos para iso, gobernamos desde fai catro anos o mellor posible, intentamos facelo ben.

➤ Don X. Manuel Millán sinala que é como o de Rajoy e Sánchez: falamos de dous mundos distintos. Aclare que non son oito anos desde o balance de 2011. Era desde 1990, vinte e un anos. Como tiña 21.000.000€ de déficit hai tres anos e medio e sen facer un presuposto, e con 21.000.000€ en tres anos, como hai uns números extraordinarios cambiouse de 2011 a agora, e borraron 4.000.000€ de débeda prescrita, borrouse e transformouse débeda corrente en financeira. Se ten 200.000€ de remanente, ten 1.500.000 de euros impagados. Diga a canto queda reducido ese remanente se aplica a débeda. Lémbrese de cando se falaba de que Fenosa ía cortar a luz, porque ten vostede sen recoñecer 400.000€. Á próxima alcaldesa diranlle que paguen. Desde 1990 foise recoñecendo e foise pagando todo. ¿Cómo é que ten vostede 35.000€ sen pagar con telefónica? Explíquenos como as grandes empresan teñen tan boa man co PP en

Moaña. Hai 41.000€ de débeda desde 2013 e tamén hai sentenzas. Agora hai menos problemas que no 2011, os problemas aprázanse, é necesario un orzamento. A fiscalidade dá dereito a non molestar aos ricos. Non se pode tratar igual a quen ten cen como a quen ten un. Vostedes non fixeron nada, nin coas taxas nin pensan noutras medidas de ingreso. En dous anos non presentaron ningún orzamento. Vostedes non fixeron nada en materia económica.

➤ Dona Marta Freire indica que o único argumento é que dado o que nos encontramos, vostedes xeran 150.000€ mensuais de débeda. Se vostedes fixesen uns orzamentos, a situación non sería a actual. A xestión do plan de axuste é do PP desde o 2012, cando gobernaban vostedes. Houbo xubilacións e non reduciron os 300.000€ e a contía dos gastos correntes, os expedientes de licitación dos servizos non se fixeron. Explíquenos.

➤ Dona Rosa indícalle que xa lle contestou. Pediralle a interventora que lle pase os datos. Non imos acudir aos veciños.

➤ Dona Marta Freire dille que a interventora non é un partido político. É vostede a concelleira de Facenda, explíqueme vostede por que non cumpriu o plan de axuste.

A concelleira négase a responder as preguntas.

5º.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES 4º TRIMESTRE 2014

Dáse conta do informe realizado pola interventora municipal, dona M^a Carmen Carrecelas Rosales, que literalmente di:

Ref. 15/2015

DATA: 28/01/2015
ASUNTO: Período Medio de Pago a Provedores, 4º trimestre.
PARA: Alcalde-Presidente

M^a Carmen Carracelas Rosales, funcionaria con habilitación de carácter nacional, interventora no Concello de Moaña, calculado o período medio de pago a provedores de acordo co establecido no Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, emite o seguinte informe:

INFORME LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.
- Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

PRIMEIRO.- A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, redefiniu no artigo 4 o principio de sostenibilidade financeira, incluíndo non só o control da débeda pública financeira, senón tamén o control da débeda comercial.

“Art. 4.- Principio de Sostenibilidade Financeira.

1.- As actuacións das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei estarán suxeitas o principio de sostenibilidade financeira.

2.- Entenderase por Sostenibilidade Financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme o establecido nesta Lei e na normativa europea.

Se entende que existe sostenibilidade de la deuda comercial, cuando el Periodo Medio de Pago a Proveedores no supere el plazo máximo previsto en la Ley de morosidad”.

A Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago, como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as administracións públicas deberán facer público o seu período medio de pago, que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común, metodoloxía que se concreta no Real decreto 635/2014, do 25 de xullo.

O Período Medio de Pago definido no RD 635/2014, do 25 de xullo, mide “o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos”, como indicador distinto do período legal de pago establecido no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO.- O capítulo II do RD 635/2014, do 25 de xullo, relativo ao período medio de pago a provedores, establece na sección 1ª a metodoloxía de cálculo (artigos 3 a 5) nos seguintes termos.

“Artigo 3. Operacións seleccionadas para o cálculo económico do período medio de pago a provedores.

1.- Para o cálculo económico do período medio de pago a provedores, tanto global como de cada entidade, teranse en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións mensuais de obras aprobadas a partir da mesma data.

2.- Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo o Fondo para a financiación dos Pagos a Proveedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.”

Artigo 4.- Cálculo do período medio de pago global a provedores.

Período medio de pago global a provedores	=	Σ (período medio de pago de cada entidade * importe operacións da entidade)
		Σ importe operaciones de las entidades

Entenderase por “importe das operación da entidade” o importe total de pagos realizados e pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes.

Artigo 5.- Cálculo do período medio de pago de cada entidade.

1. Para os efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

Período medio de pago de cada entidade	=	ratio operacións pagadas * importe total pagos realizados + ratio operacións pendentes de pago * * importe total pagos pendentes
		importe total pagos realizados + importe total pagos pendentes

2. Para os pagos realizados no mes, calcularase a ratio das operacións pagadas de acordo coa seguinte fórmula:

Ratio das operacións	=	Σ (número de días de pago * importe da operación)
----------------------	---	--

pagadas	pagada)
	Importe total de pagos realizados

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos dende:

Os trinta posteriores á data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ou dende a data da aprobación da certificación mensual de obra, segundo corresponda, ata a data de pago material por parte da Administración.

....

3. Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a ratio de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

Ratio de operacións pendentes de pago	=	Σ (número de días pendentes de pago * importe da operación pendente de pago)
		Importe total de pagos pendentes

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos dende os trinta posteriores á data de anotación da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ou dende a data de aprobación da certificación mensual de obra, segundo corresponda, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.

4. Para o caso das corporacións locais non incluídas no ámbito subxectivo definido nos artigos 111 e 135 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, a referencia ao mes prevista neste artigo entenderase feita no trimestre do ano natural".

TERCEIRO.- Calculado o período medio de pago a provedores, de acordo coa metodoloxía establecida no RD 635/2014, os datos obtidos son os seguintes:

CONCELLO DE MOAÑA 4º TRIMESTRE 2014

ENTIDADE	RATIO PAGADAS	RATIO PENDENTES	PERIODO MEDIO PAGO	IMPORTE TOTAL PAGADO	IMPORTE TOTAL PENDENTE
CONCELLO DE MOAÑA	109,22	106,62	107,10	346.693,41	1.549.875,20
P.M. BEIRAMAR	-29,97	-26,19	-28,94	26.983,00	10.166,69
PMP GLOBAL			104,49	373.676,41	1.560.041,89

O artigo 13.6 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, no apartado 6, establece:

"Art. 13.6.- As Administracións Públicas **deberán publicar o seu período medio de pago a provedores e dispoñer dun plan de tesourería** que incluíra, o menos, información relativa á previsión de pago a provedores de forma que se garanta o cumprimento do prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade. As Administracións Públicas velarán pola adecuación do seu ritmo de asunción de compromisos de gasto á execución do plan de tesourería.

Cando o período medio de pago dunha Administración Pública, de acordo cos datos publicados, supere o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade, a Administración deberá incluír, na actualización do seu plan de tesourería inmediatamente posterior á mencionada publicación, como parte de dito plan o seguinte:

a) O importe dos recursos que vai a dedicar mensualmente o pago a provedores para poder reducir o seu período medio de pago ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medidas de xestión de cobros e pagos, que lle permita xerar a tesouraría necesaria para a redución do seu período medio de pago a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade”.

O prazo máximo que fixa a normativa de morosidade para o pago a provedores é de 30 días, polo que de acordo cos cálculos efectuados, o Período Medio de Pago a provedores do Concello de Moaña supera amplamente o máximo previsto na normativa sobre morosidade.

Ante o incumprimento do Período Medio de Pago, o Capítulo III do RD 635/2014, referido as “Condicións para a retención dos importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiación das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais”, establece no artigo 8.4 o seguinte:

“Cando o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas detecte que se produciu un incumprimento do prazo máximo de pago a provedores nos termos establecidos no artigo 18.5 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, comunicarao á Corporación Local, previa comunicación á Comunidade Autónoma no caso de que esta exerza a tutela financeira de dita Corporación, e poderalle solicitar a información necesaria, debidamente certificada polo interventor da Corporación Local, para cuantificar e determinar a débeda comercial e a parte dela que se vai pagar con cargo os seus recursos propios, cancelándose a diferenza mediante retencións da participación nos tributos do Estado. Esta información será actualizada polo Interventor da Corporación Local antes do día 15 do mes seguinte á finalización de cada trimestre natural”.

Polo tanto, de acordo co previsto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, a Administración Xeral do Estado ante o incumprimento reiterado por parte da Corporación local do prazo máximo de pago, reterá recursos do réxime de financiamento correspondente (participación nos tributos do Estado), co fin de pagar directamente aos provedores.

É imprescindible e prioritario que o Concello de Moaña adopte na maior brevidade posible as medidas oportunas (reducir gastos e/ou incrementar ingresos...), de forma que lle permitan xerar a tesouraría necesaria para reducir o período medio de pago a provedores ata estar dentro do límite máximo establecido na normativa de morosidade, así como medidas encamiñadas a garantir a capacidade do Concello para a cancelación das operacións financeiras concertadas e o financiamento dos gastos correntes.

Moaña, 28 de xaneiro de 2014

A interventora. M^a Carmen Carracelas Rosales

➤ Intervén don X. Manuel Millán para sinalar que agora o promedio de pago é de 104,49 días, e maior parte é pago inmediato aos traballadores. É un retraso preocupante e o que había fai catro anos, despois de atopar vostedes o contaquilómetros a “cero”. Pero non reduciron o gasto e encóntranse con que teñen que facer fronte ao pago do ICO. Para moitos provedores son 300 días.

➤ Dona Marta Freire indica que despois de poñer o contador a “cero” é moito 104 días. É imprescindible tomar medidas. ¿Ten pensado vostede tomar medidas? Como se computa: desde que se recoñece a factura ou desde a entrada da factura no rexistro?

➤ Dona Rosa Solla acláralle que é desde que se recoñece a factura.

➤ Dona Marta Freira sinalalle que así se falsea porque hai facturas sen recoñecer.

➤ Dona Rosa Solla respóndelle que antes era sobre 70 días. Aumentou un pouco, pero foi polo traspaso de contas. E estaremos coa media máis baixa. Sobre algunha facturas votouse en contra no Pleno.

➤ Don X. Manuel Millán di que antes eran 70 días, agora 104, é normal, as contas son anuais, e hai obriga de recoñecelas. Moitas aprobáronse o 30 de decembro e non se pagaron. Hai mentiras estatísticas, pero permítame dicirlle que os impagos poderían sen controlables, agora son incontrolables, hai impagados dun ano para outro. Si que ten 1.500.000€ que non pagou, xa que non ten liquidez para o 2015.

6º.- INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE TITULARIDADE DO CAMIÑO NO BARRIO DE PIÑEIRO 115 E CADUCIDADE DO EXPEDIENTE Nº 251/2010

O Sr. Alcalde da lectura a súa proposta que literalmente di:

En data 27 de outubro de 2014 recibíuse oficio do Xulgado Contencioso Administrativo número 2 de Pontevedra en relación co procedemento: Peza separada de execución 163/2005 sobre o acordo adoptado no pleno respecto ó inicio do expediente de investigación de titularidade do camiño no Barrio do Piñeiro, 115 lindante coa propiedade de Dna. Isabel Currás Durán, e requirida información sobre os antecedentes obrantes acerca desta investigación, resulta que:

En data 28/12/2010 en sesión plenaria adoptouse o acordo de iniciar expediente de investigación

O día 21/01/2011, deúselle comunicación ás partes para presentaren alegacións

O día 24/03/2011 a Asociación Veciñal Berducedo Piñeiro alega á notificación recibida en data 25/02/2011.

Dende entón non se realizou pesquisa algunha en aras a averiguar a titularidade do citado camiño, polo que se propón:

Acordar declarar a caducidade do expediente 251 e iniciar un novo expediente de investigación de titularidade do camiño no Barrio do Piñeiro, 115 lindante coa propiedade de Dna. Isabel Currás Durán, incorporando ó novo, toda a documentación existente ó respecto.

Moaña, 02 de febreiro de 2015. O Alcalde, asdo: José Fervenza Costas.

➤ Intervén dona Marta Freire quen indica que apoian a proposta para iniciar de novo o expediente. É chamativo que desde que entraron a gobernar non se fixo nada. Houbo parón no expediente.

➤ Dona Susana Varela indícalle que o acordo é de 2010, mandouse ao xulgado e en outubro de 2014 o xulgado mandou un oficio. Abríanse dous expedientes de infracción por un portal e un muro. O anterior expediente estaba extraviado. Este tema empezou en 2004. O xulgado comunicou recentemente.

➤ Don X. Manuel Millán di que ese camiño sempre foi público, e o xulgado pide que se investigue. O Concello non pode ceder nin un milímetro no seu dereito. Debemos deixar libre o camiño e despois xa se decidirá o expediente.

➤ Dona Susana Varela precisa que no PXOM aparece como camiño público.

Sometida a proposta a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acordan:

Único. Declarar a caducidade do expediente 251 e iniciar un novo expediente de investigación de titularidade do camiño no barrio do Piñeiro, 115, lindeiro coa propiedade de Dna. Isabel Currás

Durán, incorporando ao novo toda a documentación existente ao respecto.

7º.- SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE CON ACTIVIDADE PRIVADA

O asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Comisión Informativa de Contas, Facenda, Persoal, Réxime Interior e Emprego da data 24/02/2015.

O Sr. Alcalde dá lectura a súa proposta que literalmente di:

«Visto o informe de Secretaría no que indica que dona Margarita Macías Rivas é persoal laboral temporal do Concello de Moaña coa categoría de conserxe, pódese autorizar a compatibilidade para o desempeño da actividade privada solicitada, xa que non concorre a limitación retributiva establecida no artigo 16 da Lei 53/1984, ó non superar as súas retribucións complementarias o 30% das súas retribucións básicas mensuais.

Todo iso sen prexuízo doutros criterios mellor fundados en Dereito.

E, polo tanto, o órgano competente para a o outorgamento da compatibilidade ou incompatibilidade será o Pleno da Corporación.

PROPONSE:

Acordar e autorizar a compatibilidade a Dna. Margarita Macías Rivas para o desempeño da actividade privada solicitada, xa que non concorre a limitación retributiva establecida no artigo 16 da Lei 53/1984, ó non superar as súas retribucións complementarias o 30% das súas retribucións básicas mensuais.

Moaña, 20 de febreiro de 2015. O Alcalde, Asdo: José Ferverza Costas. »

➤ Intervén don Odilo Barreiro quen indica que o BNG entende que para valorar a compatibilidade hai que valorar o contexto da solicitude, unha alta taxa de desemprego no paro, que é consecuencia das políticas da Xunta e o Estado. Tamén pensan que non están ante un contrato a media xornada, é unha traballadora a xornada completa e non ven a necesidade para un traballo digno. Accedeu a través dun proceso selectivo onde houbo unha lista e moitos dos que quedaron fóra están esperando e hai un prexuízo a terceiros. Para participar esixíase estar no desemprego, e así se paliaba o problema dos desempregados na comarca. Non é para potenciar o pluriemprego. O BNG non apoia a solicitude.

➤ Dona Marta Freire indica que hai alta taxa de desemprego e non se debe aprobar, non cobra 400€ e ten un salario digno, hai unha lista de substitución con persoas que poderían acceder; é fomentar o pluriemprego.

➤ Dona Rosa Solla di que a traballadora ten dereito a pedir a compatibilidade. Le o requisito das bases, ao contratala ten que estar desempregada. É un dereito ao que pode acollerse e exerce ese dereito para compatibilizar e só lle quedan tres meses de contrato no Concello.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por nove votos en contra, os do BNG e PS de G-PSOE e oito a favor, os do PP, acordan rexeitar a autorización de compatibilidade a Dna. Margarita Macías Rivas para o desempeño da actividade privada solicitada.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE FÁRMACOS A DOENTES DE HEPATITE C

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A PRESCRICIÓN DOS FÁRMACOS DE ÚLTIMA XERACIÓN A PERSOAS DOENTES DE HEPATITE C

A enfermidade hepática causada polo Virus de Hepatite C (VHC) constitúe un grave problema de saúde pública. Calcúlase, en cifras do Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais, que unhas 700.000 persoas son portadoras deste virus no conxunto do Estado español.

Até recentemente os medios de tratamento dispoñíbeis producían altas taxas de fracaso terapéutico, para alén de ter unha elevada toxicidade e efectos secundarias graves. Déronse, ademais, numerosos casos de doentes que non podían someterse a eles por intolerancia a algún dos fármacos empregados.

Como consecuencia, na actualidade hai na Galiza unha cantidade importante de persoas enfermas diagnosticadas, en diferentes estadias de evolución da Hepatite C, que non están sendo tratadas, e que teñen como única alternativa a vixilancia da súa evolución á espera de chegar a un estado que determinase a idoneidade dun transplante hepático.

Esta situación viuse radicalmente alterada coa aprobación recente de novos fármacos. Particularmente transcendente foi o feito de a axencia europea do medicamento (EMA) aprobar, a principios do ano 2014, o Sofosbuvir, un antiviral de acción directa sobre o VHC. A comercialización deste medicamento no territorio español foi aprobada pola Dirección Xeral de Farmacia e Produtos Sanitarios o 5 de marzo de 2014.

O día 24 de setembro de 2014 a, daquela, ministra de Sanidade anunciou publicamente que o Ministerio acadara un acordo co fabricante do fármaco para incluílo na sanidade pública e que @s facultativ@s o puidesen prescribir a aquelas persoas enfermas que o precisaren. A ministra naquela altura acrecentou que a proposta se trasladaría inmediatamente á Comisión Interministerial de Prezos dos Medicamentos, e comunicou que en outubro poderían dispor médicos/as dese medicamento en todo o territorio do Estado español, para o aplicar aos/ás pacientes que o precisasen.

Desde aquela hai elaborado un Protocolo de Posicionamento Terapéutico e un Documento de Priorización que están sendo aplicados, no caso galego, pola subcomisión para o Tratamento da Enfermidade Hepática, constituída na Consellaría de Sanidade.

A día de hoxe sucédense as declaracións públicas de hepatólogos/as a través da Asociación Española para o Estudo do Fígado, reclamando que os criterios para a dispensación do tratamento no sistema público sexan máis inclusivas e cifrando a necesidade de tratamentos urxentes para aplicar no territorio do Estado español nun mínimo de 30.000 para o ano en curso.

Por outra parte, o desacougo, a alarma e as queixas dos/as doentes de hepatite C, particularmente das persoas postransplantadas non negativizadas e das que se atopan en fase cirrótica (F4), van en aumento ao comprobar como nuns casos a súa situación non se inclúe dentro dos criterios de elixibilidade que se aplican para o acceso ao fármaco, e noutros moitos a solicitude cursada polos/as seus hepatólogos/as, unha vez determinado que cumpren os requisitos establecidos polo Ministerio e recollidos nas Instrucións do acceso aos tratamentos da Hepatite C cursadas pola Dirección xeral de Asistencia Sanitaria, é rexeitada ou non contestada.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren. Todo isto debe producirse de acordo co criterio de médicos/as especialistas, que deben dispor de todos os recursos que foren precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o Estudo do Fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais.

2. Instar ao Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.

3. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galiza, á titular da Consellaría de Sanidade e aos grupos parlamentares do Parlamento galego.

Moaña, 10 de febreiro de 2015. Asdo. Xosé M. Millán Otero Portavoz municipal do BNG»

➤ Intervén don Odilo Barreiro quen expón que o xoves tivo lugar unha charla da sanidade pública pola hepatite C. E pasaron a ter nome os afectados. A pena de morte está vixente porque se lles nega o tratamento. O xoves comprobamos como os afectados da hepatite C asistiron ao Parlamento e votáronlle en contra. Moitos consideran esaxerado falar así pero a actitude dos gobernante é inmoral e sométese a vida das persoas a decisións políticas. Todos coñecemos a situación. Tiveron penurias cos gobernantes.

➤ Don Odilo Barreiro cédelle a palabra a unha veciña, Teresa Regueira de Domaio, quen indica que desde hai vinte e cinco anos fanlle controis regulares pois os fármacos tiñan efectos devastadores e curaban o 30%, unha taxa moi baixa. E o seu corpo non reaccionaba cos tratamentos. Desde o 2005, mentalizouse de que se se complicaba, morrería, coa seguridade de que se fixo por ela todo o que se puido. Pero no 2014 aparece o novo tratamento. Faise unha comisión na que se mira quen está peor para salvalo. Para acceder a esa comisión hai que estar na fase terminal, e esa comisión acepta darlle ou non o tratamento. É macabro chegar a esta situación. Onte o Sr. Feijoo avisa de que se vai dar o tratamento, pero non hai aínda o documento. Di que Galicia vai ser o primeiro en aplicar o tratamento. Para nós iso é un avance moi grande, non só na fase 4. Pero para nós é un avance moi grande, pero estamos expectantes. Din que se fará efectivo en abril, pero é lonxe, eu teño un prognóstico de vida de 12 meses. Non sei canto me queda. Vostedes deben velar polos dereitos dos moañeses e que defendades a saúde, a vida das persoas. Penso que o tempo dos nazis xa se acabou, aínda temos dereito a decidir quen vive e quen morre, que cada un vote na súa conciencia.

➤ Don Odilo Barreiro engade que pouco a pouco vanse conseguindo cousas. Se es noticia, existes. Espera que se cumpra todo o que se prometeu e estamos ante un proceso electoral. Hoxe falamos de vidas humanas e vaise estender o tratamento a pacientes en fase 2, e debe ser xa unha realidade e que por unha decisión económica ou política non se faga. O medicamento leva a curación e se hai mortes é un asasinato. Necesitamos que se dispense o medicamento, baseado en condicións médicas e non económicas, en base a iso o BNG trae a proposta da moción.

➤ Dona Marta Freire dálle as grazas a Teresa pola súa loita e por dar a cara ante o Pleno e polas súas palabras. O PSOE apoia o BNG por tres motivos: por negar o medicamento que pode curar. Non podemos quedar impasibles se se mercadea coa saúde. O PP atacou a sanidade pública, e moitos por desgraza xa non están. Hai un plan estratéxico e a sanidade depende das comunidades autónomas e pídelles ao Estado que se dote ese plan e cheguen a todos os afectados.

➤ Don Vicente Verdeal, tras dar as boas tardes, sinala que nós estamos de acordo en axudar a todos, porque teñen dereitos e desexamos a túa recuperación plena e a de todos, estamos con todos os enfermos da hepatite C.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acordan:

1. Instar o Goberno galego para este se dirixir ao Goberno de España e exixir que se garanta o acceso ás novas terapias para as persoas doentes de Hepatite C que o precisaren. Todo isto debe producirse de acordo co criterio de médicos/as especialistas, que deben dispor de todos os recursos que foren precisos para a atención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o Estudo do Fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade, Igualdade e Asuntos Sociais.
2. Instar o Goberno galego a tomar as medidas necesarias para que a terapia cos novos fármacos para a Hepatite C se dispense nas farmacias hospitalarias a aqueles doentes a que lle for prescrita por persoal médico especialista do Servizo Galego de Saúde, de xeito inmediato á súa prescrición.
3. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta de Galicia, á titular da Consellería de Sanidade e aos grupos parlamentarios do Parlamento galego.

9º.- MOCIÓN DO BNG PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO

➤ Intervén dona Coral Ríos quen literalmente indica: O pasado 22 de febreiro, non sei se sabedes, foi o día da igualdade salarial. En Galiza, como na media do estado español a fenda salarial entre mulleres e homes é de case un 24%, a taxa máis alta dende o ano 2002. Este retroceso débese fundamentalmente á falla de políticas activas de igualdade e á falla de vixilancia do cumprimento das leis ao respecto, coma no caso de Galicia a lei 2/2007, que está paralizada, xa que realmente non hai factores obxectivos que o xustifiquen. Esta situación viuse acentuada co aumento da precariedade laboral dende o comezo da crise. Neste momento Galiza precisa un plan de choque para frear esta discriminación e mesmo unha promoción do emprego das mulleres, xa que segundo un estudo sobre o emprego feminino publicado no xornal *El país* do 16 de febreiro de 2015, cito literalmente: “a crise económica do noso país pasa polo recoñecemento do traballo remunerado das mulleres en termos económicos. Revélase coma unha vía primordial de reactivación do consumo xa que son elas as encargadas dunha parte importante das compras dentro dos fogares, iso acarrearía un aumento da demanda de produtos do mercado, a creación de emprego e ademais, contribuiría a eliminar parte da pobreza no noso país”.

Polo anteriormente explicado, o grupo municipal do BNG propón ao pleno a seguinte moción:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DEMANDAR UN PLAN DE EMPREGO FEMININO

A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise. sen a implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego. ao emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábes condicións dos traballos que desempeñan as mulleres na Galiza a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.

A pesar de escoitarmos insistentemente o discurso da igualdade conseguida, a realidade reflicte que a fenda salarial continúa ampliándose e as mulleres son as principais afectadas cando nos referimos ás persoas que se atopan en risco ou situación de exclusión social. Asemade, o desigual reparto de responsabilidades á hora de asumir o traballo non remunerado supón que a maternidade sexa un factor de penalización sobre o emprego das mulleres. As chamadas políticas de austeridade frearon a posta en marcha de políticas de igualdade, tanto a nivel lexislativo como de realización de programas concretos. Así, algúns instrumentos con medidas antidiscriminatorias, como a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza, está paralizada. Nesta lei manifesta base o compromiso da Xunta de Galiza para integrar a dimensión de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, cumprindo co seguimento das políticas e accións sobre as que existen competencias en relación ao acceso ao emprego, desenvolvendo políticas de integración e apostando pola igualdade no ámbito laboral. Algunha das medidas máis necesarias neste momento incluídas nesta lei, como é a posta en marcha de medidas que melloren o emprego feminino, continúa a agardar pola súa implementación.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar ao goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar

as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras, .. -atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego. »

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros presentes que compoñen a Corporación, acordan:

Único. Instar o Goberno da Xunta de Galiza a cumprir, nun prazo máximo de dous meses, coa promesa de aprobar un Plan de emprego feminino co orzamento necesario para se desenvolver ao longo dos próximos catro anos. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras na Galiza, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos -labregas, mariscadoras, redeiras... -atendendo especificamente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS

- Don Xosé Manuel Millán pregunta que ten coñecemento que dende o 23 de xaneiro o inspector de obras... (a concelleira Susana Varela levántase para marchar) pídelle a dona Susana que non abandone o Pleno.
- Dona Susana Varela indica que ten que acudir ao seu posto de traballo.
- Don X. Manuel Millán contéstalle que tamén ten responsabilidades e quere que conste a súa postura. Desde o 23 de xaneiro na fábrica de Cruz Mar estanse a realizar obras que non se axustan á licenza concedida e aparecen na prensa e un representante veciñal denunciouno no Pleno e cónstalle no informe do inspector de obras. Pasou un mes e non se lle abriu o expediente de paralización de obra e as obras continúan e o 17 de febreiro o inspector de obras advértelle de responsabilidades de tipo penal se non actúa. ¿Desde o 17 de febreiro tomou vostede algunha decisión para paralizar esas obras e defender os intereses do Concello e darlle a posibilidade ao propietario de defenderse? Abriu o expediente de reposición da legalidade urbanística?
- O Sr. Alcalde di que se deron instrucións para abrir o expediente desde fai 7 ou 8 días.
- Don X. Manuel Millán indica que hai retraso. ¿Firmou a resolución de paralización e cando se fixo?
- O Sr. Alcalde di que 8 ou 10 días é o razoable e irán por orde. Deuse instrución para que se incoase o expediente. Supoño que o traerán estes días.
- Don X. Manuel Millán sinalalle que está comprometendo non só ao concello, senón a quen obrou de maneira irregular. ¿Mandou a Policía local para dicirlle que paralice?
- O Sr alcalde indícalle que facemos o trámite normal. Incoouse e cando se tramite, notificarase.
- Don X. Manuel Millán espera non poñerse ao tanto pola prensa.
- Don Odilo Barreiro indica que vai dar un berro desesperado. Hai falla de luz no Rosal e hoxe tampouco había luz. Espero que se tomen medidas, só se ve o anagrama do BNG no Rosal iluminado. A veciñanza ten dereito ao servizo.

- Don Francisco Ferreira di se que falou dunha reunión da Mosqueira, e pide que se aclare. Un veciño di que quere o contido da reunión, e pide que se lle aclare.
- Don Vicente Verdeal indica que xa lle informou ao PSOE e ao BNG de que o vai limpar Portos, pero non sabemos cando. Non nos dixeron data. Pero xa limparon. Intentaremos consensuar con todos, e non queremos polémicas.
- Intervén un veciño quen confirma que se está limpando e faise unha obra pois hai máquinas.
- Don Vicente Verdeal di que vai falar co sector do mar e despois serán informados.
- Intervén un veciño para dicirle ao grupo de goberno que a vosa responsabilidade é explicarlles aos veciños e veciñas do Real algo do que non se falou. Non se fai un parque alí. Necesítase permiso para esa obra que se fai alí.
- Don Vicente Verdeal dille se che tiña que pedir a ti Portos permiso?

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 22:15 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

Asdo.: José Fervenza Costas

Asdo.: Adamantino Barreiro García